



DECRETO DO ALCALDE NOMEANDO TENENTES DE ALCALDE

Vistos os artigos 125.1 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, o artigo 62.1 da Lei 5/97, de administración local de Galicia e 35.1 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, polo que corresponde ao Alcalde a designación de Tenentes de Alcalde entre os/as concelleiros/as que formen parte da Xunta de Goberno Local para que o substitúan, polo orden do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outro impedimento que imposibilite para o exercicio das súas atribucións, esta Alcaldía, en exercicio das súas atribucións que lle confire a lexislación vixente, e especialmente, o artigo 125.1 da Lei 7/85 e 35-1 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra e de conformidade co establecido no artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra ós/ás seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

1º.- Dona María Carmen da Silva Méndez.

2º.- Dona Anabel Gulías Torreiro

3º.- Don Demetrio Gómez Xunqueira.

4º.- Don Xosé Luis Bará Torres..

5º.- Dona María dos Anxos Riveiro Portela.

6º.- Don Raimundo González Carballo

7º.- Dona María do Carme Fouces Díaz.

8º.- Don Vicente García Legísima.

SEGUNDO.-Os/as tenentes de alcalde citados/as substituirán, pola orde do seu nomeamento, ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, sen prexuízo de efectuar en cada caso a correspondente delegación.

TERCEIRO.- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, aos señores Tenentes de Alcalde, dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade desde a data de hoxe

Así o decreta e ordena o Excmo. Sr. Alcalde, o 13 de xuño de 2015, ante o Secretario da Administración Municipal que da fe do acto.

O Alcalde

Miguel A. Fernández Lores

O Secretario Admón. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro